



3.- SECTORES PRODUCTIVOS

Este capítulo adicado ó estudio dos sectores productivos da área funcional de Lugo divídese en cinco partes diferenciadas: primeiramente, abórdase a análise do panorama xeral da área funcional para, posteriormente, tratar por separado cada un dos catros sectores en que se divide a produción: sector primario e industrias relacionadas, sector industrial, construción e sector servicios.

Esta análise baséase fundamentalmente nos datos facilitados polo servicio de información Ardán do Consorcio da Zona Franca de Vigo. Cómpre facer mención ó feito de que a información aquí recollida refírese exclusivamente a empresas cun volume de facturación superior a 40 millóns de pesetas e das que están dispoñibles datos polo menos de dous anos consecutivos, de xeito que se está a tratar só as firmas máis importantes.

Deste xeito, a través da información aquí reflectida preténdese describi-la evolución en termos competitivos das empresas da área funcional mediante as principais variables económicas e financeiras de contido estratéxico durante os anos 1997 e 1998, facendo fincapé nos aspectos da súa rendibilidade e a súa produtividade.

Panorama xeral

Nunha primeira visión do contexto xeral da área funcional, o conxunto das empresas está formado por un total de 852, cun volume de negocio en 1998 de 264 miles de millóns de pesetas. O valor engadido bruto xerado por todas elas superou nese ano os 48 mil millóns, mentres que o *cash-flow* resultante foi de case 15 mil millóns de pesetas.

Estas 852 empresas poden ser clasificadas en 13 grandes grupos, que, a súa vez,

Cadro 3.1. Configuración global da actividade empresarial na área funcional de Lugo, 1998

| | Empresas | Ingresos (1) | V.E.B. cf | Cash-flow | Activo Total | Emprego medio (2) |
|-------------------------------|------------|--------------------|-----------------|-----------------|------------------|-------------------|
| | nº | millóns de pesetas | | | | |
| Sector Primario | 202 | 99.705,5 | 12.502,7 | 4.567,4 | 52.009,8 | 15 |
| Sector agro-gandeiro | 142 | 77.090,4 | 6.707,7 | 1.808,9 | 29.836,2 | 14 |
| Sector mar e industria | 6 | 617,8 | 181,9 | 97,1 | 576,5 | 7 |
| Sector silvicultura e madeira | 54 | 21.997,3 | 5.613,1 | 2.661,4 | 21.597,1 | 18 |
| Industria | 240 | 93.756,2 | 15.873,1 | 5.566,3 | 70.742,4 | 14 |
| Bens de consumo | 70 | 10.026,3 | 1.608,5 | 283,5 | 5.468,5 | 8 |
| Bens de equipamento | 102 | 36.638,4 | 4.201,8 | 942,3 | 15.848,0 | 11 |
| Bens intermedios | 56 | 34.669,3 | 6.853,0 | 2.558,2 | 24.447,4 | 26 |
| Enerxía | 12 | 12.422,2 | 3.209,9 | 1.782,3 | 24.978,5 | 21 |
| Construcción | 204 | 36.002,7 | 9.141,4 | 1.917,0 | 35.651,0 | 13 |
| Servicios | 206 | 34.389,6 | 11.128,8 | 2.648,7 | 22.669,7 | 18 |
| Comunicación | 22 | 4.309,7 | 1.446,6 | 230,5 | 3.218,5 | 18 |
| Servicios empresariais | 38 | 5.899,1 | 3.754,3 | 316,9 | 3.528,4 | 51 |
| Servicios relac coa saúde | 11 | 1.465,3 | 681,7 | 270,7 | 1.387,7 | 14 |
| Transportes | 105 | 18.499,8 | 4.273,8 | 1.579,9 | 11.530,8 | 10 |
| Turismo e ocio | 30 | 4.215,6 | 972,4 | 250,6 | 3.004,2 | 12 |
| Total | 852 | 263.854,0 | 48.646,1 | 14.699,4 | 181.072,9 | 15 |

(1) ingresos de explotación

(2) o emprego medio calcúlase con aquelas empresas que presentan o dato do emprego

Fonte: Ardán

se encadran dentro dos catro sectores anteditos. Dentro deles destacan, pola súa importancia en canto ó número de empresas, o subsector agro-gandeiro (cun total de 142 empresas), o de transportes (con 105) e o de bens de equipamento (con 102). A nivel sectorial, a distribución do número de empresas é homoxénea, posto que cada un dos sectores conta con aproximadamente a cuarta parte do total. Así, o sector cunha maior porcentaxe é o industrial (co 28%) namentres que o primario e a construción (cun 23% do total) son os que porcentualmente teñen menos empresas no seo da área funcional.

Sen embargo, esta homoxeneidade non se mantén se en vez de considera-lo número de empresas se atende a variables económico-financeiras como poden se-lo volume de negocio, o valor engadido ou o *cash-flow*.

Así, en canto ó volume de negocio, é dicir, ós ingresos de explotación do exercicio correspondente, destacan o sector primario e industrial, cada un con máis dun tercio do total da área funcional, fronte ó sector da construción e ós servicios, que non chegan ó 15%.

A situación varía lixeiramente ó considera-las cifras do valor engadido xerado polas empresas. Neste caso, o sector industrial configúrase como preponderante ó acadar case a terceira parte do total. Para esta variable, nunha situación intermedia atoparíanse o sector primario e o de servicios, mentres que o sector da construción non chega á quinta parte do conxunto do valor engadido xerado pola área funcional.

Este feito vese agravado ó analiza-lo *cash-flow* (é dicir, a cantidade total de recur-



Gráfico 3.1.





Gráfico 3.2.



tos xerada polas empresas), posto que o sector industrial acada unha porcentaxe cercana ó 40% namentres que o sector construción diminúe ata o 13%. O **cadro 3.1.** presenta toda esta información dun xeito máis desagregado, ó tempo que os **gráficos 3.1.** e **3.2.** amosan a distribución do número de empresas e do valor engadido nos catro sectores productivos.

Á hora de afondar na análise destes datos, resulta interesante a súa relativización en función do número de empresas, para ter así un coñecemento máis preciso sobre a configuración global da actividade empresarial. No tocante ó volume de negocio, destaca o sector primario, que se sitúa con máis da metade da media da área funcional, que estaría en 309 millóns de pese-

tas por cada empresa. No outro extremo atoparíanse os sectores da construción e os servicios, con cifras un 40% por debaixo desa media.

Con respecto ó valor engadido, as porcentaxes tómanse máis equilibradas e, deste xeito, sería o sector industrial o que se atoparía a un nivel lixeiramente por riba da media de 57 millóns de pesetas por empresa da área funcional (en torno ó 15%), fronte á construción, que sería a que máis diverxería no senso contrario (cun 21% inferior á media).

A situación volta a mudar ó consideralas cifras do *cash-flow*, de tal forma que, acadando unha media por empresa de 17 millóns de pesetas, o sector primario e a industria superan esta cifra en máis dun

Cadro 3.2. Evolución da actividade da area funcional de Lugo 1997-98: ingresos, custos e resultados

| | 1997 | | 1998 | | Taxa variación |
|---|-----------|--------|-----------|--------|----------------|
| | mill. Pts | % | mill. Pts | % | 1997-98 |
| Ingresos de explotación | 238.154,2 | 100,0% | 263.854,1 | 100,0% | 10,8% |
| Consumos e outros gastos expl. | 193.872,7 | 81,4% | 215.208,0 | 81,6% | 11,0% |
| Valor engadido bruto coste factores | 44.281,5 | 18,6% | 48.646,0 | 18,4% | 9,9% |
| Gastos de persoal | 26.243,3 | 11,0% | 28.872,8 | 10,9% | 10,0% |
| Rtdo. económico bruto de explot. | 18.038,2 | 7,6% | 19.773,3 | 7,5% | 9,6% |
| Amortizacións | 6.579,3 | 2,8% | 6.896,1 | 2,6% | 4,8% |
| Rtdo. económico neto de explot. | 11.459,0 | 4,8% | 12.877,1 | 4,9% | 12,4% |
| Rtdo. Financeiro | -3.024,5 | -1,3% | -2.611,3 | -1,0% | -13,7% |
| Ingresos financeiros | 1.113,8 | 0,5% | 1.168,3 | 0,4% | 4,9% |
| Gastos financeiros | 4.138,3 | 1,7% | 3.779,6 | 1,4% | -8,7% |
| Rtdo. de actividades ordinarias | 8.434,4 | 3,5% | 10.265,9 | 3,9% | 21,7% |
| Rtdo. de actividades extraordinarias | 3.599,4 | 1,5% | 1.138,9 | 0,4% | -68,4% |
| Rtdo. antes de impostos | 12.033,8 | 5,1% | 11.404,8 | 4,3% | -5,2% |
| Impostos | 3.735,9 | 1,6% | 3.601,5 | 1,4% | -3,6% |
| Rtdo. neto do exercicio | 8.297,9 | 3,5% | 7.803,4 | 3,0% | -6,0% |
| Cash-flow | 14.877,2 | 6,2% | 14.699,5 | 5,6% | -1,2% |

Fonte: *Ardán*

Cadro 3.3. Evolución do investimento e do financiamento da área funcional de Lugo 1997-98

| | 1997 | | 1998 | | Taxa variación |
|------------------------------------|-----------|--------|-----------|--------|----------------|
| | mill. Pts | % | mill. Pts | % | 1997-98 |
| Activo total | 161.936,9 | 100,0% | 181.072,9 | 100,0% | 11,8% |
| Activo fixo (neto) | 67.451,6 | 41,7% | 75.886,5 | 41,9% | 12,5% |
| Gastos amortizables | 808,1 | 0,5% | 1.017,2 | 0,6% | 25,9% |
| Inmovilizado inmaterial | 4.873,9 | 3,0% | 6.129,7 | 3,4% | 25,8% |
| Inmovilizado material | 54.623,9 | 33,7% | 59.122,9 | 32,7% | 8,2% |
| Outro inmovilizado | 7.030,5 | 4,3% | 9.568,4 | 5,3% | 36,1% |
| Outro activo fijo | 115,1 | 0,1% | 48,2 | 0,0% | -58,1% |
| Circulante neto | 94.485,4 | 58,3% | 105.186,4 | 58,1% | 11,3% |
| Existencias | 36.114,5 | 22,3% | 39.187,2 | 21,6% | 8,5% |
| Deudores | 45.286,3 | 28,0% | 49.451,8 | 27,3% | 9,2% |
| Tesourería | 8.536,4 | 5,3% | 10.760,3 | 5,9% | 26,1% |
| Outro activo circulante | 4.548,3 | 2,8% | 5.787,0 | 3,2% | 27,2% |
| Fontes de financiamento | 161.936,9 | 100,0% | 181.072,9 | 100,0% | 11,8% |
| financiamento permanente | 87.078,2 | 53,8% | 98.573,9 | 54,4% | 13,2% |
| Fondos propios | 62.174,4 | 38,4% | 66.682,3 | 36,8% | 7,3% |
| Recursos alleos l/p | 20.963,3 | 12,9% | 28.068,8 | 15,5% | 33,9% |
| Ingresos distrib. en varios exerc. | 3.940,5 | 2,4% | 3.822,7 | 2,1% | -3,0% |
| Acreedores a curto prazo | 74.858,7 | 46,2% | 82.499,1 | 45,6% | 10,2% |
| Fondo de rotación | 19.626,6 | 12,1% | 22.687,4 | 12,5% | 15,6% |

Fonte: *Ardán*



Gráfico 3.3.





Gráfico 3.4.



30%, fronte ó sector da construción, que se atopa case na metade desa media.

A modo de resumo para o conxunto da área funcional, e con algunha particularidade en función da comarca que se trate, que será comentada posteriormente, son o sector primario e industrias relacionadas e o sector industrial os que, tanto en termos absolutos como relativos, teñen unha certa hexemonía dentro do panorama empresarial. No lado oposto, o sector da construción é o que amosa para esta área uns indicadores máis baixos, sobre todo a nivel relativo.

Outro indicador relevante dentro desta análise refírese ó emprego medio no conxunto da área, que se calculou cos datos facilitados polas propias empresas. Así, o emprego medio no conxunto da área en 1998 é de 15 traballadores por empresa (23 para o conxunto de empresas galegas considera-

das), que se eleva ata 18 no sector servizos. Os sectores industria e construción presentan unha cifra inferior á media, con 14 e 13 traballadores.

A evolución das macromagnitudes e indicadores financeiros na área funcional de Lugo é recollida nos **cadros 3.2. e 3.3.** Tanto o volume de negocio como o valor engadido experimentaron un crecemento en torno ó 10% no período 1997-1998. Así, o primeiro pasou de 238 a 264 miles de millóns de pesetas, mentres que o segundo acadou en 1998 un valor de 48,6 miles de millóns de pesetas, fronte ós 44,3 miles de millóns de 1997. Sen embargo, tanto o resultado neto do exercicio como o *cash-flow* diminuíron o seu valor nun 6% e 1% respectivamente, con valores de 8 e 15 miles de millóns en 1998.

No concernente ó investimento e financiamento das empresas da área funcio-

nal de Lugo, o activo total das empresas no ano 1998 acadou unha cifra de 181 mil millóns de pesetas, dos que o sector industrial e o primario copan a maior parte, con 70 e 52 miles de millóns, respectivamente. Isto é, entre estes dous sectores suporían máis das dúas terceiras partes do activo total, o que deixaría menos dun tercio a repartir entre o sector da construción e o de servicios, tendo o sector servicios unha porcentaxe sete puntos superior (19% fronte a 12%).

En canto á súa evolución temporal, o importe acadado en 1998 supón un incremento fronte ó ano anterior de case doce puntos porcentuais ó elevarse de 162 a 181 miles de millóns de pesetas. Desglosando este incremento, unha maior parte correspóndelle ó activo fixo neto, que se incrementou en máis do 12%, mentres que o incremento do activo circulante neto foi tres décimas superior ó 11%. O importe do activo fixo neto en 1998 foi de case 76 mil millóns de pesetas e o do circulante neto, lixeiramente superior ós 105 mil millóns.

Asemade, no ano 1998, o balance global das empresas radicadas na área funcional amosa, en termos relativos, que o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo e un 22% do activo circulante, acadando un fondo de rotación de 22,7 mil millóns de pesetas e financiándose o resto mediante os acredores a curto prazo. A evolución do fondo de rotación no período 1997-98 experimentou un incremento de máis do 15% mentres que os acredores a curto prazo aumentaron nunha porcentaxe lixeiramente superior ó 10%.

Finalmente, con respecto ás fontes de financiamento permanente, o maior peso correspóndelle ós fondos propios que, con 66,7 miles de millóns de pesetas, medraron máis do 7% con respecto ó ano anterior. O incremento porcentual foi maior nos recursos alleos, posto que a taxa de variación anual foi do 34% ó acadar un importe de 28 mil millóns de pesetas. Pola outra banda, os ingresos a distribuír en varios exercicios diminuíron nun 3%, pasando de 3,9 a 3,8 miles de millóns de pesetas no citado período.

A análise das sete comarcas da área funcional está recollida nos **cadros 3.4.** e **3.5.** Constátase unha grande disparidade e diferenciación entre as distintas comarcas. Así, a comarca de Lugo sobresaie con diferenza por riba das demais en tódolos indicadores. Seguidamente, aínda que a considerable distancia, situaríanse as comarcas de Sarria e Terra Chá, que formarían un grupo intermedio entre a de Lugo e as catro restantes: Os Ancares, A Fonsagrada, Meira e A Ulloa. As principais magnitudes financeiras recollidas, é dicir, o volume de negocio, o valor engadido, o resultado neto de exercicio e mailo *cash-flow* da comarca lucense superan á suma das outras seis comarcas, conquerindo en tódalas variables máis da metade e chegando, nalgúns casos, a supor máis das dúas terceiras partes do conxunto da área funcional.

En particular, o volume de negocio das empresas radicadas na comarca de Lugo, con 171 mil millóns de pesetas, supón o 65% do total. Asemade, a cifra do valor engadido xerado (36 mil millóns) acadou unha porcentaxe do 74%, isto é, case as dúas terceiras partes do valor engadido creado no



Cadro 3.4.

**Actividade comarcal na área funcional de Lugo 1998:
ingresos, custos e resultados**

millóns de pesetas

| | Os | | A | | | | | Area Funcional de Lugo |
|--------------------------------------|---------|------------|-----------|---------|----------|-----------|---------|------------------------------|
| | Ancares | Fonsagrada | Lugo | Meira | Sarria | Terra Chá | A Ulloa | |
| Ingresos de explotación | 3.263,9 | 1.382,0 | 170.846,7 | 3.909,4 | 27.175,2 | 54.030,3 | 3.246,5 | 263.854,0 |
| Consumos e outros gastos expl. | 2.749,4 | 996,7 | 134.898,4 | 3.258,6 | 23.519,1 | 46.905,7 | 2.880,0 | 215.208,0 |
| Valor engadido bruto coste factores | 514,5 | 385,3 | 35.948,3 | 650,7 | 3.656,1 | 7.124,7 | 366,5 | 48.646,1 |
| Gastos de persoal | 382,0 | 185,1 | 21.140,2 | 376,7 | 2.080,6 | 4.477,2 | 231,1 | 28.872,8 |
| Rtdo. económico bruto de explot. | 132,5 | 200,2 | 14.808,1 | 274,0 | 1.575,6 | 2.647,5 | 135,4 | 19.773,3 |
| Amortizacións | 54,1 | 59,4 | 5.053,7 | 100,0 | 492,2 | 1.095,2 | 41,5 | 6.896,1 |
| Rtdo. económico neto de explot. | 78,4 | 140,8 | 9.754,4 | 174,1 | 1.083,3 | 1.552,3 | 93,9 | 12.877,2 |
| Rtdo. Financeiro | -25,5 | -6,9 | -1.950,3 | -30,7 | -258,9 | -313,1 | -25,9 | -2.611,2 |
| Ingresos financeiros | 4,8 | 1,6 | 929,1 | 5,7 | 108,3 | 111,7 | 7,0 | 1.168,3 |
| Gastos financeiros | 30,3 | 8,6 | 2.879,4 | 36,4 | 367,2 | 424,8 | 32,9 | 3.779,6 |
| Rtdo. de actividades ordinarias | 52,9 | 133,9 | 7.804,2 | 143,3 | 824,5 | 1.239,2 | 68,0 | 10.265,9 |
| Rtdo. de actividades extraordinarias | 3,0 | 11,9 | 714,8 | 12,2 | 61,3 | 318,5 | 17,3 | 1.138,9 |
| Rtdo. antes de impostos | 55,8 | 145,8 | 8.519,0 | 155,5 | 885,8 | 1.557,7 | 85,3 | 11.404,8 |
| Impostos | 18,4 | 47,7 | 2.665,9 | 42,4 | 285,2 | 517,7 | 24,1 | 3.601,5 |
| Rtdo. neto do exercicio | 37,4 | 98,1 | 5.853,0 | 113,1 | 600,6 | 1.040,0 | 61,2 | 7.803,4 |
| Cash-flow | 91,5 | 157,5 | 10.906,7 | 213,0 | 1.092,9 | 2.135,2 | 102,6 | 14.699,5 |

Fonte: Ardán

Cadro 3.5. Inversión e financiamento comarcal na área funcional de Lugo 1998


millions de pesetas

| | Os | | | | | Lugo | Meira | Sarria | Terra Chá | A Ulloa | Área Funcional de Lugo |
|------------------------------------|---------|------------|-----------|---------|----------|----------|---------|-----------|-----------|---------|------------------------------|
| | Ancares | Fonsagrada | A | Lugo | A Ulloa | | | | | | |
| Activo total | 1.568,8 | 988,1 | 133.600,1 | 1.757,0 | 15.149,4 | 26.460,2 | 1.549,3 | 181.072,9 | | | |
| Activo fixo (neto) | 382,0 | 533,2 | 59.442,5 | 652,8 | 4.811,9 | 9.543,3 | 520,8 | 75.886,5 | | | |
| Gastos amortizables | 5,4 | 0,1 | 795,0 | 6,1 | 100,6 | 105,4 | 4,6 | 1.017,2 | | | |
| Inmovilizado inmaterial | 47,5 | 82,3 | 4.254,3 | 48,9 | 794,3 | 853,6 | 48,8 | 6.129,7 | | | |
| Inmovilizado material | 323,9 | 394,6 | 46.640,1 | 573,9 | 3.529,5 | 7.209,7 | 451,3 | 59.122,9 | | | |
| Outro inmovilizado | 5,2 | 56,2 | 7.706,1 | 23,9 | 387,5 | 1.373,3 | 16,2 | 9.568,4 | | | |
| Outro activo fijo | — | — | 47,0 | — | — | 1,2 | — | 48,2 | | | |
| Circulante neto | 1.186,9 | 454,9 | 74.157,5 | 1.104,2 | 10.337,5 | 16.916,9 | 1.028,5 | 105.186,4 | | | |
| Existencias | 477,9 | 168,8 | 28.931,8 | 362,8 | 3.739,5 | 4.902,2 | 604,2 | 39.187,2 | | | |
| Deudores | 508,9 | 199,3 | 32.890,3 | 458,1 | 4.775,6 | 10.376,0 | 243,7 | 49.451,9 | | | |
| Tesourería | 146,7 | 66,1 | 7.293,7 | 262,3 | 1.731,1 | 1.096,1 | 164,3 | 10.760,3 | | | |
| Outro activo circulante | 53,4 | 20,7 | 5.041,7 | 21,1 | 91,2 | 542,7 | 16,4 | 5.787,0 | | | |
| Fontes de financiamento | 1.568,8 | 988,1 | 133.600,1 | 1.757,0 | 15.149,4 | 26.460,2 | 1.549,3 | 181.072,9 | | | |
| financiamento permanente | 806,3 | 667,8 | 74.423,9 | 1.036,2 | 7.073,3 | 13.874,2 | 692,2 | 98.573,9 | | | |
| Fondos propios | 727,4 | 579,7 | 47.344,4 | 787,3 | 5.335,6 | 11.451,0 | 457,0 | 66.682,3 | | | |
| Recursos alleos l/p | 70,5 | 64,3 | 23.981,6 | 230,1 | 1.613,5 | 1.913,8 | 195,0 | 28.068,8 | | | |
| Ingresos distrib. en varios exerc. | 8,4 | 23,9 | 3.097,9 | 18,8 | 124,2 | 509,3 | 40,2 | 3.822,7 | | | |
| Acreedores a curto prazo | 762,6 | 320,3 | 59.176,2 | 720,8 | 8.076,1 | 12.586,0 | 857,1 | 82.499,0 | | | |
| Fondo de rotación | 424,3 | 134,6 | 14.981,4 | 383,4 | 2.261,4 | 4.330,9 | 171,4 | 22.687,4 | | | |

Fonte: Ardán



Gráfico 3.5.



conxunto da área funcional é producido nesta comarca. Finalmente, o resultado neto de explotación e o *cash-flow*, con valores de 6 e 11 mil millóns de pesetas, respectivamente, para a comarca, supoñen igualmente porcentaxes en torno ó 75%, dándose a mesma circunstancia que para o valor engadido.


Como foi comentado previamente, en termos porcentuais as outras dúas comarcas nas que as súas empresas contan cunha participación significativa no conxunto da área funcional son Terra Chá e Sarria. Así, nos seus indicadores de ingresos, custos e resultados, estas dúas comarcas acadan, en termos xerais, porcentaxes próximas ó 15% para a primeira e ó 10% para a segunda. A maior das porcentaxes é o 20% que supón o volume de negocio producido polas empresas situadas na comarca da Terra Chá.

As empresas das catro comarcas restantes, na súa comparación coas tres comarcas xa comentadas, contan cunha reducida aportación ó conxunto da área. Deste xeito, a suma de Os Ancares, A Fonsagrada, Meira e A Ulloa non acada unha porcentaxe superior ó 5%, é dicir, a vixésima parte do total,

para ningún dos indicadores empregados. En particular, o volumen de negocio destas comarcas oscila entre os mil e 4 mil millóns de pesetas de A Fonsagrada e Meira, respectivamente. O menor valor engadido é o de Os Ancares (132 millóns de pesetas) e o maior é o de Meira (274 millóns). Finalmente, as cifras do *cash-flow* parten dos 91 millóns de pesetas de Os Ancares e teñen o maior volume dentro deste grupo nos 213 millóns de pesetas de A Fonsagrada. Estas diferencias poden observarse no **gráfico 3.5.**, que recolle a distribución do valor engadido entre as sete comarcas.

Estas características mantéñense dun xeito semellante nas variables de investimento e financiamento, feito que ven recollido en termos absolutos no **cadro 3.5.** Igualmente, o **gráfico 3.6.** amosa a distribución sectorial do número de empresas en cada comarca e no conxunto da área funcional. Neste gráfico faise unha combinación de información en termos absolutos e relativos, o que permite observar feitos como o predominio da empresas do sector primario na comarca de Meira e Os Ancares, fronte á baixa porcentaxe que supoñen estas empresas na comarca de Lugo. En canto ás empre-

Gráfico 3.6.



sas do sector industrial, a maior porcentaxe corresponde precisamente á comarca de Lugo, mentres que nas empresas constructoras son as comarcas de Os Ancares, A Fonsagrada e A Ulloa as que contan cunha franxa máis longa na distribución porcentual. Con respecto ó sector servicios, destacan Lugo, Sarria e Terra Chá. Neste caso, a participación é moi semellante á da propia área funcional.

Resulta interesante facer mención ós datos dos principais indicadores económico-financeiros das distintas comarcas segundo o número de empresas radicadas nas mesmas, posto que ó relativiza-la información aparecen algúns datos dignos de mención. En concreto, a comarca que presenta uns mellores indicadores é Terra Chá, que conta cos maiores volumes de negocio, valor engadido bruto, resultado neto e *cash-flow* por empresa. Séguenlle Sarria e Lugo, se ben a unha relativa distancia da primeira.

Igualmente existen outros datos de interese, como poden se-lo alto resultado neto e *cash-flow* por empresa que se dá na comarca de A Fonsagrada. En termos xerais,

pode comprobarse que, se procedemos a facer unha relativización dos datos, estes non amosan unha diferenciación tan clara como a nivel absoluto, agás no caso de Os Ancares, que segue a manterse en valores baixos nas súas variables de ingresos, custos e resultado. Nos anexos deste informe pode atoparse a información comarcal relativizada en función do número de empresas por comarca.

A un nivel máis desagregado e descendendo ó eido municipal, o **cadro 3.6.** recolle os oito principais núcleos de localización da área funcional de Lugo. Só entre estes oito concellos, as empresas aí radicadas copan o 90% do total do valor engadido xerado, destacando dun xeito relevante, con máis do 60%, a propia capital lucense. A porcentaxe restante é repartida entre os concellos de Rábade, Guitiriz, Vilalba, Sarria, Muras, Outeiro de Rei e Láncara.

Así pois, estes datos amosan a forte concentración territorial que se dá no seo da área funcional, no que constitúe unha das súas características máis significativas. Dos oito nucleos principais en canto á súa localización



Cadro 3.6. Principais núcleos de localización do V.E.B.c.f. xerado polas empresas da área funcional de Lugo 1997-98

millóns de pts

| Núcleos | Comarca | 1997 | | 1998 | | 98/97 |
|-------------------------------------|-------------|-----------------|---------------|-----------------|---------------|-------------|
| | | | | | | |
| Lugo | Lugo | 27.686,7 | 62,5% | 30.720,6 | 63,2% | 11,0% |
| Rábade | Lugo | 2.567,9 | 5,8% | 3.065,2 | 6,3% | 19,4% |
| Guitiriz | A Terra Chá | 2.380,2 | 5,4% | 2.359,4 | 4,9% | -0,9% |
| Vilalba | A Terra Chá | 2.420,4 | 5,5% | 2.263,6 | 4,7% | -6,5% |
| Sarria | Sarria | 1.823,0 | 4,1% | 2.217,6 | 4,6% | 21,6% |
| Muras | A Terra Chá | 1.227,9 | 2,8% | 1.338,4 | 2,8% | 9,0% |
| Outeiro de Rei | Lugo | 1.043,2 | 2,4% | 1.278,2 | 2,6% | 22,5% |
| Láncara | Sarria | 1.104,3 | 2,5% | 866,7 | 1,8% | -21,5% |
| Subtotal | | 40.253,6 | 90,9% | 44.109,7 | 90,7% | 9,6% |
| Total área funcional de Lugo | | 44.281,4 | 100,0% | 48.646,1 | 100,0% | 9,9% |

Fonte: Ardán

zación, tres corresponden ás comarcas de Lugo e Terra Chá e dous a Sarria, o que ven confirmar tódolos datos comentados previamente. Unha relación máis exhaustiva dos núcleos de localización segundo o valor engadido nos distintos concellos é recollida nos anexos 11 a 15 deste informe.

Finalmente, antes do estudio específico de cada sector, o anexo 16 reflicte a distribución do número medio de traballadores por comarcas e sectores no ano 1998. As comarcas de A Fonsagrada, Lugo e a Terra Chá presentan o maior emprego medio da área funcional, con 16 traballadores por empresa, en tanto que o menor emprego medio se rexistra en A Ulloa, con 6, e en Os Ancares e Meira, con 7 traballadores por empresa.

Se consideramos o emprego medio dos catro grandes sectores económicos, o anexo 16 amosa que as empresas do sector industrial nas comarcas de A Fonsagrada e Terra Chá presentan un emprego medio superior ó da área funcional (27, 27 e 14, respectivamente). No caso das empresas constructoras, as empresas de Lugo e Terra

Chá, con 14 e 17 traballadores por empresa, respectivamente, presentan cifras superiores á media da área funcional, en tanto que no caso dos servicios e do sector primario tan só Lugo presenta un emprego medio superior á media (22 e 17, respectivamente).

Comparado coa media dos traballadores nos diferentes sectores no conxunto da economía galega, tan só o sector servicios na comarca de Lugo iguala o número medio de traballadores por empresa de Galicia (22 traballadores por empresa) en 1998.

Sector primario e industrias relacionadas

Neste apartado englobanse as actividades relativas ós subsectores agro-gandeiro, mar-industria e madeira-silvicultura. O estudio correspondente, que se fai utilizando os datos da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria e mailos facilitados polo servizo de información Ardán da Zona Franca de Vigo, comeza coa descrición da estrutura productiva das distintas comarcas, para despois pasar a unha análise económica empresarial das mesmas.

Cadro 3.7.

Principais superficies e cultivos 1996

(en hectáreas)

| | Superficie total | Superficie agrícola utilizada | Prados e pasteiros | Superficie cultivada | Cultivo forraxeiro | Pataca |
|-----------------------------------|------------------|-------------------------------|--------------------|----------------------|--------------------|---------------|
| Área funcional de Lugo | 642.241 | 218.554 | 112.505 | 106.049 | 63.229 | 13.000 |
| Os Ancares | 106.022 | 26.392 | 15.306 | 11.086 | 4.814 | 1.823 |
| A Fonsagrada | 72.360 | 13.751 | 7.915 | 5.836 | 4.099 | 746 |
| Lugo | 126.337 | 52.895 | 27.613 | 25.282 | 14.923 | 2.909 |
| Meira | 41.561 | 11.464 | 7.793 | 3.671 | 2.512 | 365 |
| Sarria | 74.570 | 31.602 | 16.211 | 15.391 | 7.754 | 1.778 |
| Terra Chá | 179.391 | 64.321 | 28.019 | 36.302 | 25.744 | 4.258 |
| A Ulloa | 42.000 | 18.129 | 9.648 | 8.481 | 3.383 | 1.121 |
| Total Provincia Lugo | 980.295 | 322.860 | 170.573 | 152.287 | 85.262 | 19.522 |
| Total Galicia | 2.947.667 | 910.098 | 372.787 | 537.311 | 207.050 | 80.011 |
| Área Funcional / Provincia | 65,5% | 67,7% | 66,0% | 69,6% | 74,2% | 66,6% |
| Área Funcional / Galicia | 21,8% | 24,0% | 30,2% | 19,7% | 30,5% | 16,2% |

Fonte: Consellería de Agricultura, Anuario de Estadística Agraria

A área funcional de Lugo ten, como se pode ver no **cadro 3.7.**, unha superficie total de 642.241 hectáreas, o 21,8% do total de Galicia, das que 218.554, o 34%, corresponden a superficie agrícola utilizada, entendendo por tal a terra labrada, pradeiras permanentes, pastos e terras adicadas a cultivos permanentes. Destas, de superficie cultivada son 106.049 hectáreas, o 16,5% do total. En canto ó reparto entre os distintos cultivos, predominan os cultivos forraxeiros, por mor do peso das explotacións de gando vacún, con 63.229 hectáreas, e as patacas, con 13.000 hectáreas.

Tal e como se recolle no anexo 17, na área funcional de Lugo hai un total de 41 zonas de concentración parcelaria terminadas, que abranguen un total de 23.440 hectáreas. Comparado coas zonas terminadas no conxunto da provincia de Lugo, a área funcional acolle o 64,5% da zona terminada total.

A porcentaxe que supoñan estas zonas terminadas na superficie total afectada pola concentración parcelaria (77.244 hectáreas na área funcional e 120.664 ha na provincia) é similar na provincia de Lugo e na área funcional: 30,1% e 30,3%, respectivamente.

Atendendo á distribución comarcal, o devandito anexo 17 reflicte que a comarca da Terra Chá acolle ó 67,2% do total da zona terminada da área funcional (15.745 ha), seguida de Lugo, co 16,2% (3.803 ha), Meira, co 11,3% (2.640 ha) e Sarria, co 3,6% (849 ha).

No **cadro 3.8.** recóllese información da campaña de saneamento gandeiro do ano 1998. En canto ó número de explotacións de gando bovino na área funcional, no ano 1998 eran 19.176, o 69,8% do total da provincia, e o 22,5% do total de Galicia. En canto ó número total de reses, na área funcional contabilizáronse 297.760, o 75,8% do total da



Cadro 3.8.

Resultados da campaña de saneamento gandeiro 1998

| | Número de explotacións de bovino segundo o tamaño | | | | Total de reses | Reses por explotación. |
|-------------------------------|---|---------------|---------------|---------------|----------------|------------------------|
| | Reses por Explotación | | | | | |
| | De 1 a 4 | De 5 a 19 | 20 ou máis | Total | | |
| Área funcional de Lugo | 4.399 | 9.661 | 5.116 | 19.176 | 297.760 | 15,5 |
| Os Ancares | 448 | 1.372 | 225 | 2.045 | 21.337 | 10,4 |
| A Fonsagrada | 271 | 649 | 178 | 1.098 | 12.784 | 11,6 |
| Lugo | 969 | 1.992 | 1.319 | 4.280 | 72.089 | 16,8 |
| Meira | 213 | 370 | 313 | 896 | 16.722 | 18,7 |
| Sarria | 370 | 1.531 | 990 | 2.891 | 51.508 | 17,8 |
| Terra Chá | 1.744 | 3.056 | 1.796 | 6.596 | 104.590 | 15,9 |
| A Ulloa | 384 | 691 | 295 | 1.370 | 18.730 | 13,7 |
| Total Provincia Lugo | 7.798 | 13.038 | 6.636 | 27.472 | 393.022 | 14,3 |
| Total Galicia | 39.900 | 32.456 | 13.053 | 85.409 | 876.468 | 10,3 |
| Área Funcional / Provincia | 56,4% | 74,1% | 77,1% | 69,8% | 75,8% | |
| Área Funcional / Galicia | 11,0% | 29,8% | 39,2% | 22,5% | 34,0% | |

Fonte: IGE

provincia, e o 34,0% do total galego. Na comarca da Terra Chá aparecen 104.590 reses, o 35,1% da área funcional, e o 34,4% do total de explotacións.

Ó estudar a estrutura das explotacións polo seu tamaño segundo a clasificación do **cadro 3.8.**, apréciase que na área funcional e na provincia de Lugo predominan as explotacións compostas por un número de reses entre 5 e 19 –este tipo de explotacións representan o 50,4% e o 47,5% do total, respectivamente para cada unha das unidades xeográficas citadas–, mentres que no caso de Galicia o que predominan son as explotacións de 1 a 4 reses, que constitúen o 46,7% do total. O mesmo sucede en cada unha das comarcas da área funcional.

Polo seu número medio de reses, as explotacións gandeiras na área funcional de Lugo son máis grandes que a media galega, cunha media 15,5 reses por explotación. Na

provincia de Lugo esta media é de 14,3 cabezas e no total de Galicia, de 10,3. Dentro da área funcional salienta a comarca de Meira, cun tamaño medio por explotación de 18,7 reses.

En canto á estrutura empresarial do sector primario na área funcional de Lugo, segundo a metodoloxía Ardán está composto por un total de 202 empresas, que experimentaron no ano 1998 un incremento do seu resultado económico neto de explotación dun 3,4% respecto ó ano 1997, e tamén un incremento do 0,9% do resultado neto do exercicio, que pasa de 2.167,2 a 2.186,2 millóns de pesetas, segundo podemos ver nos **cadros 3.9.** e **3.1.**

No ano 1998, o sector presenta na área analizada un crecemento dos ingresos de explotación dun 7,5%, similar ó incremento experimentado polos gastos de explotación (constituídos polos consumos de explota-

Cadro 3.9.

**Evolución da actividade do sector primario 1997-98:
ingresos, custos e resultados**

| | 1997 | | 1998 | | Taxa variación |
|---|-----------|--------|-----------|--------|----------------|
| | mill. Pts | % | mill. Pts | % | 1997-98 |
| Ingresos de explotación | 92.785,1 | 100,0% | 99.705,5 | 100,0% | 7,5% |
| Consumos e outros gastos expl. | 81.015,4 | 87,3% | 87.202,8 | 87,5% | 7,6% |
| Valor engadido bruto coste factores | 11.769,7 | 12,7% | 12.502,7 | 12,5% | 6,2% |
| Gastos de persoal | 6.101,9 | 6,6% | 6.609,9 | 6,6% | 8,3% |
| Rtdo. económico bruto de explot. | 5.667,8 | 6,1% | 5.892,8 | 5,9% | 4,0% |
| Amortizacións | 2.270,7 | 2,4% | 2.381,2 | 2,4% | 4,9% |
| Rtdo. económico neto de explot. | 3.397,1 | 3,7% | 3.511,6 | 3,5% | 3,4% |
| Rtdo. Financeiro | -571,2 | -0,6% | -479,6 | -0,5% | -16,0% |
| Ingresos financeiros | 461,0 | 0,5% | 455,5 | 0,5% | -1,2% |
| Gastos financeiros | 1.032,2 | 1,1% | 935,2 | 0,9% | -9,4% |
| Rtdo. de actividades ordinarias | 2.825,9 | 3,0% | 3.031,9 | 3,0% | 7,3% |
| Rtdo. de actividades extraordinarias | 421,5 | 0,5% | 336,5 | 0,3% | -20,2% |
| Rtdo. antes de impostos | 3.247,4 | 3,5% | 3.368,5 | 3,4% | 3,7% |
| Impostos | 1.080,1 | 1,2% | 1.182,3 | 1,2% | 9,5% |
| Rtdo. neto do exercicio | 2.167,2 | 2,3% | 2.186,2 | 2,2% | 0,9% |
| Cash-flow | 4.437,9 | 4,8% | 4.567,4 | 4,6% | 2,9% |

Fonte: Ardán

ción, gastos de persoal, dotacións á amortización, e outros gastos de explotación), que foi do 7,6%, pasando de 89.388 millóns de pesetas no ano 1997 a 96.193,9 millóns no ano 1998. Tamén se incrementa no período considerado o importe do valor engadido bruto (VEB) a custo de factores, pasando de 11.769,7 millóns de pesetas en 1997 a 12.502,7 millóns de pesetas en 1998, o que supón un incremento do 6,2%.

Dentro do sector primario destaca o subsector agro-gandeiro, **cadro 3.1.**, que en 1998 englobaba a 142 das 202 empresas do sector e xerou un valor engadido de 6.707,7 millóns de pesetas, un 1,2% superior ó correspondente ó ano 1997, e que ven a representar o 53,7% do total do sector primario. No mesmo período de tempo, os ingresos de explotación deste subsector aumentaron nun 10,9%, chegando en 1998 ós 77.090,4 millóns de pesetas. Pola contra, diminuíu o *cash-flow* nun 14,1%, pasando de 2.106,6 millóns de pesetas en 1997 a 1.808,9 millóns en 1998. O activo total do subsector chegou

ós 29.836,2 millóns de pesetas en 1998, un 22,6% máis que en 1997.

Neste subsector destaca a actividade da industria láctea nas comarcas de Sarria e a Terra Chá. En Sarria, esta actividade xerou en 1998 un valor engadido de 725,2 millóns de pesetas, o 10,8% do subsector, cuns ingresos de explotación de 12.778,4 millóns de pesetas, o 16,6% do subsector. Na Terra Chá, o VEB xerado por esta actividade foi de 352,7 millóns de pesetas, o 5,3% do subsector, e os ingresos de explotación 9.976,0 millóns de pesetas, o 12,9% do subsector agro-gandeiro.

O subsector da silvicultura e madeira englobaba a 54 empresas, que xeraron un valor engadido no ano 1998 superior ó de 1997 nun 21,6%, 5.613,1 millóns de pesetas, o 44,9% o total do sector. Os ingresos de explotación en 1998 deste subsector alcanzaron a cifra de 21.997,3 millóns de pesetas, o 13,9% máis que en 1997; o *cash-flow* ascendeu a 2.661,4 millóns de pesetas, un 21,3%



Cadro 3.10. Evolución do investimento e do financiamento do sector primario 1997-98

| | 1997 | | 1998 | | Taxa variación |
|------------------------------------|-----------|--------|-----------|--------|----------------|
| | mill. Pts | % | mill. Pts | % | 1997-98 |
| Activo total | 44.245,8 | 100,0% | 52.009,8 | 100,0% | 17,5% |
| Activo fixo (neto) | 17.610,2 | 39,8% | 20.313,5 | 39,1% | 15,4% |
| Gastos amortizables | 181,2 | 0,4% | 203,4 | 0,4% | 12,2% |
| Inmovilizado inmaterial | 1.100,0 | 2,5% | 1.329,2 | 2,6% | 20,8% |
| Inmovilizado material | 13.150,4 | 29,7% | 14.282,8 | 27,5% | 8,6% |
| Outro inmovilizado | 3.161,3 | 7,1% | 4.497,4 | 8,6% | 42,3% |
| Outro activo fijo | 17,3 | 0,0% | 0,8 | 0,0% | -95,5% |
| Circulante neto | 26.635,6 | 60,2% | 31.696,3 | 60,9% | 19,0% |
| Existencias | 7.502,2 | 17,0% | 9.502,0 | 18,3% | 26,7% |
| Deudores | 14.083,2 | 31,8% | 15.665,6 | 30,1% | 11,2% |
| Tesourería | 2.054,2 | 4,6% | 2.671,9 | 5,1% | 30,1% |
| Outro activo circulante | 2.996,0 | 6,8% | 3.856,8 | 7,4% | 28,7% |
| Fontes de financiamento | 44.245,8 | 100,0% | 52.009,8 | 100,0% | 17,5% |
| financiamento permanente | 24.404,4 | 55,2% | 27.307,6 | 52,5% | 11,9% |
| Fondos propios | 19.609,0 | 44,3% | 21.262,9 | 40,9% | 8,4% |
| Recursos alleos l/p | 3.699,1 | 8,4% | 4.857,8 | 9,3% | 31,3% |
| Ingresos distrib. en varios exerc. | 1.096,3 | 2,5% | 1.186,9 | 2,3% | 8,3% |
| Acreedores a curto prazo | 19.841,3 | 44,8% | 24.702,2 | 47,5% | 24,5% |
| Fondo de rotación | 6.794,2 | 15,4% | 6.994,1 | 13,4% | 2,9% |

Fonte: *Ardán*

superior ó correspondente ó ano anterior, e o activo total pasou de 18.281,0 millóns de pesetas en 1997 a 21.597,1 millóns en 1998. (**cadro 3.1.**)

Dentro deste subsector destaca en 1998 a actividade de fabricación de chapas, tableiros, aglomerados e fibras na comarca de Lugo. Esta actividade xerou na comarca citada un valor engadido en 1998 de 3.504,6 millóns de pesetas, o 62,4% do total do subsector, e o 28,0% do total do VEB xerado polo sector primario na área funcional. Os ingresos de explotación acadaron a cifra de 10.879,7 millóns de pesetas, o *cash-flow*, de 2.198,4 millóns de pesetas, e o activo total chegou ós 12.897,5 millóns de pesetas.

Por último, o subsector mar-industria, con 6 empresas ubicadas nas comarcas de Lugo, A Fonsagrada e Sarria, xerou un valor engadido de 181,9 millóns de pesetas, cando no ano 1997 aportou 81,7 millóns de pesetas.

Os ingresos de explotación neste subsector chegaron ós 617,8 millóns de pesetas, un 34,6% superior ós de 1997; o *cash-flow* pasou de 23,7 millóns en 1997 a 97,1 millóns en 1998, e o activo total experimentou un crecemento do 24,7%, chegando a 576,5 millóns de pesetas en 1998 (**cadro 3.1.**).

Atendendo ó **cadro 3.10.**, pódese observar que o activo total nas empresas do sector primario na área funcional de Lugo aumentou no ano 1998 un 17,5% con respecto ó ano anterior, pasando de 44.245,8 a 52.009,8 millóns de pesetas. Este activo foi financiado nun 52,5% polo financiamento permanente e, no 47,5% restante, polos acreedores a curto prazo. Esta distribución é máis equilibrada que a que se tiña producido no ano anterior, no que os acreedores a curto prazo representaban o 44,8% do total do financiamento.

En concreto, no ano 1998 o balance

das empresas reflicte, de xeito semellante ó que ocorría a nivel global, que o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e unha parte do circulante neto (concretamente o 22%), acadando un fondo de rotación de case 7 mil millóns de pesetas, un 3% máis que o do ano anterior. A porcentaxe restante do financiamento correspóndelle ós acredores a curto prazo, que supoñen un importe próximo ós 25 mil millóns de pesetas

Os tres concellos máis importantes da área funcional de Lugo polo valor engadido xerado polas empresas deste sector primario en 1998 son Lugo, con 5.255,4 millóns de pesetas, un 10% superior ó ano 1997; Rábadade, con 2.554,6 millóns de pesetas, cun incremento do 20,2%; e Vilalba, con 1.112,6 millóns de pesetas, un 16,1% inferior ó rexistrado no ano 1997. En cuarto lugar aparece Láncara, que sofre un descenso do 22,4% con respecto ó ano anterior. Estes catro concellos xeraron un VEB de 9.750,2 millóns de pesetas, o que representa o 78% do total xerado polo sector primario en toda a área funcional.

Sector industrial

Atendendo á metodoloxía seguida polo servizo de información Ardán, na área funcional de Lugo había un total de 240 empresas pertencentes ó sector industrial, que xeraron en 1998 un valor engadido de 15.873,1 millóns de pesetas. A maior parte pertencían á comarca de Lugo, en concreto 178, cun VEB xerado nesta comarca de 10.901,4 millóns de pesetas.

Os datos da evolución da actividade do

sector industrial entre os anos 1997 e 1998 están recollidos no **cadro 3.11**. Os ingresos de explotación aumentaron nun 10,6%, pasando dos 84.773,5 millóns de pesetas en 1997 a 93.756,2 millóns en 1998. Tamén medraron os gastos de explotación, un 10,5%, pasando de 80.029,0 a 88.433,7 millóns de pesetas. En canto ó valor engadido, este experimentou un incremento do 7,5% no período considerado, pasando de 14.765,8 millóns de pesetas en 1997 ós 15.873,1 millóns de 1998, aínda que diminuíu o seu peso relativo con respecto ós ingresos de explotación, xa que en 1997 representaba o 17,4%, e en 1998, o 16,9%. Como punto negativo, as empresas do sector presentan unha diminución dos seus beneficios no ano 1998. En concreto, o resultado neto do exercicio 1997 foi de 4.503,6 millóns de pesetas e en 1998 foi de 3.302,1 millóns, o que representa unha diminución do 26,7%.

No **cadro 3.12**, pode verse que entre as fontes de financiamento do sector industrial, se incrementa o peso relativo do financiamento permanente, que pasa do 55,7% do ano 1997 ó 59,9% do ano 1998, en detrimento dos acredores a curto prazo. O activo total aumentou no ano 1998 nun 5,5%, chegando ós 70.742,5 millóns de pesetas, cando en 1997 se contabilizara un activo total de 67.067,2 millóns de pesetas.

De xeito semellante ó que acontece a nivel global e no sector primario, o balance empresarial en 1998 amosa que o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto. Sen embargo, a parte do circulante neto financiada polo financiamento permanente é sensiblemente inferior (o 14%

Cadro 3.11.

**Evolución da actividade do sector da industria 1997-98:
ingresos, custos e resultados**

| | 1997 | | 1998 | | Taxa variación 1997-98 |
|---|-----------|--------|-----------|--------|---------------------------|
| | mill. Pts | % | mill. Pts | % | % |
| Ingresos de explotación | 84.773,5 | 100,0% | 93.756,2 | 100,0% | 10,6% |
| Consumos e outros gastos expl. | 70.007,7 | 82,6% | 77.883,1 | 83,1% | 11,2% |
| Valor engadido bruto coste factores | 14.765,8 | 17,4% | 15.873,1 | 16,9% | 7,5% |
| Gastos de persoal | 7.833,2 | 9,2% | 8.286,3 | 8,8% | 5,8% |
| Rtdo. económico bruto de explot. | 6.932,6 | 8,2% | 7.586,8 | 8,1% | 9,4% |
| Amortizacións | 2.188,1 | 2,6% | 2.264,3 | 2,4% | 3,5% |
| Rtdo. económico neto de explot. | 4.744,5 | 5,6% | 5.322,5 | 5,7% | 12,2% |
| Rtdo. Financeiro | -1.199,9 | -1,4% | -1.126,7 | -1,2% | -6,1% |
| Ingresos financeiros | 458,8 | 0,5% | 380,2 | 0,4% | -17,1% |
| Gastos financeiros | 1.658,8 | 2,0% | 1.506,9 | 1,6% | -9,2% |
| Rtdo. de actividades ordinarias | 3.544,6 | 4,2% | 4.195,9 | 4,5% | 18,4% |
| Rtdo. de actividades extraordinarias | 2.951,9 | 3,5% | 558,1 | 0,6% | -81,1% |
| Rtdo. antes de impostos | 6.496,5 | 7,7% | 4.754,0 | 5,1% | -26,8% |
| Impostos | 1.992,8 | 2,4% | 1.452,0 | 1,5% | -27,1% |
| Rtdo. neto do exercicio | 4.503,6 | 5,3% | 3.302,0 | 3,5% | -26,7% |
| Cash-flow | 6.691,7 | 7,9% | 5.566,3 | 5,9% | -16,8% |

Fonte: Ardán

Cadro 3.12.

Evolución do investimento e do financiamento do sector da industria 1997-98

| | 1997 | | 1998 | | Taxa variación 1997-98 |
|------------------------------------|-----------|--------|-----------|--------|---------------------------|
| | mill. Pts | % | mill. Pts | % | % |
| Activo total | 67.067,2 | 100,0% | 70.742,5 | 100,0% | 5,5% |
| Activo fixo (neto) | 34.105,7 | 50,9% | 37.442,8 | 52,9% | 9,8% |
| Gastos amortizables | 270,4 | 0,4% | 490,4 | 0,7% | 81,4% |
| Inmovilizado inmaterial | 1.584,2 | 2,4% | 1.720,1 | 2,4% | 8,6% |
| Inmovilizado material | 29.949,8 | 44,7% | 32.259,0 | 45,6% | 7,7% |
| Outro inmovilizado | 2.244,3 | 3,3% | 2.961,5 | 4,2% | 32,0% |
| Outro activo fijo | 57,0 | 0,1% | 11,7 | 0,0% | -79,5% |
| Circulante neto | 32.961,5 | 49,1% | 33.299,7 | 47,1% | 1,0% |
| Existencias | 13.045,8 | 19,5% | 14.035,1 | 19,8% | 7,6% |
| Deudores | 16.119,5 | 24,0% | 15.094,3 | 21,3% | -6,4% |
| Tesourería | 2.928,7 | 4,4% | 3.096,0 | 4,4% | 5,7% |
| Outro activo circulante | 867,5 | 1,3% | 1.074,3 | 1,5% | 23,8% |
| Fontes de financiamento | 67.067,2 | 100,0% | 70.742,5 | 100,0% | 5,5% |
| financiamento permanente | 37.351,4 | 55,7% | 42.404,6 | 59,9% | 13,5% |
| Fondos propios | 26.094,2 | 38,9% | 26.738,0 | 37,8% | 2,5% |
| Recursos alleos I/p | 8.728,2 | 13,0% | 13.335,4 | 18,9% | 52,8% |
| Ingresos distrib. en varios exerc. | 2.529,0 | 3,8% | 2.331,2 | 3,3% | -7,8% |
| Acreedores a curto prazo | 29.715,8 | 44,3% | 28.337,9 | 40,1% | -4,6% |
| Fondo de rotación | 3.245,7 | 4,8% | 4.961,8 | 7,0% | 52,9% |

Fonte: Ardán

fronte o 22% global). O fondo de rotación acadado foi de case 5 mil millóns de pesetas, que, comparado cos 3,2 mil millóns de 1997, supón un incremento porcentual de máis do 50%. Os acreedores a curto prazo, que financian o 86% restante do circulante neto, acadan un volume superior ós 28 mil millóns de pesetas.

En canto ós principais núcleos de localización das empresas do sector industrial, salientan Lugo, cun valor engadido xerado en 1998 de 10.160,0 millóns de pesetas, un 8,1% máis que no ano 1997; Guitiriz, con 2.115,1 millóns de pesetas, o 2,4% menos que no ano anterior; e Muras, con 989,4 millóns de pesetas, un 23,9% superior ó de

1997. Estes tres núcleos xeraron no ano 1998 o 83,6% do total do VEB do sector industrial da área nese ano.

Dentro do sector industrial distínguense varios subsectores. O subsector enerxía, **cadro 3.1.**, estaba composto en 1998 por 12 empresas, que xeraron o 20,2% do valor engadido do sector industrial, 3.209,9 millóns de pesetas, que representa un crecemento do 10,6% con respecto ó ano 1997, no que o VEB xerado por este subsector foi de 2.901,3 millóns de pesetas. Nese mesmo período de tempo, os ingresos de explotación sufriron unha diminución do 1,2%, pasando dos 12.573,9 millóns de pesetas de 1997 ós 12.422,2 millóns de pesetas de 1998. O *cash-flow* e o activo total experimentaron un incremento do 20% e do 6,7%, respectivamente, neste período.

O subsector de bens intermedios conta con 56 empresas e un valor engadido de 6.853,0 millóns de pesetas en 1998, o 43,2% do sector industrial, o que ven a representar un crecemento con respecto a 1997 do 5,1%, no que o VEB foi de 6.520,2 millóns de pesetas. Os ingresos de explotación aumentaron un 10,8% no período considerado, pasando de 31.299,3 millóns de pesetas en 1997 a 34.669,3 millóns en 1998. Pola contra, o *cash-flow* sufriu un retroceso do 39,1%: mentres en 1997 chegaba ós 4.199,1 millóns de pesetas, no ano 1998 eran 2.558,2 millóns. O activo total pasou de 24.501,2 millóns de pesetas en 1997 a 24.447,4 millóns en 1998, o que supón unha diminución do 0,2% (**cadro 3.1.**).

O subsector de bens de equipamento, con 102 empresas, xerou un VEB de 4.201,8

millóns de pesetas, o 26,5% do sector, que vén a ser un 11,5% superior ó correspondente ó ano 1997, cando fora de 3.769,7 millóns de pesetas. Neste subsector os ingresos de explotación aumentaron un 15,4%, dos 31.742,6 millóns de pesetas do ano 1997 ós 36.638,4 millóns de pesetas de 1998. O *cash-flow* e o activo total experimentaron crecementos do 27,8% e o 11,9%, respectivamente (**cadro 3.1.**).

Por último, o subsector de bens de consumo, con 70 empresas, xerou un valor engadido de 1.608,5 millóns de pesetas en 1998, un 2,1% superior ó de 1997. Os ingresos de explotación pasaron de 9.157,7 millóns de pesetas en 1997 a 10.026,3 millóns en 1998; o *cash-flow* medrou un 5%, pasando de 270,1 millóns en 1997 a 283,5 millóns en 1998; e o activo total aumentou un 9,5%, chegando en 1998 ós 5.468,5 millóns de pesetas (**cadro 3.1.**).

Sector construción

Na área funcional de Lugo contabilizáronse un total de 204 empresas (que facturaran en 1998 cada unha máis de 40 millóns de pesetas) pertencentes ó sector da construción. Estas 204 empresas xeraron nese ano un valor engadido de 9.141,4 millóns de pesetas.

O **cadro 3.13.** recolle a evolución da actividade do sector da construción entre os anos 1997 e 1998. Os ingresos de explotación aumentaron nun 24,6%, pasando dos 28.898,2 millóns de pesetas en 1997 a 36.002,7 millóns de pesetas en 1998. O mesmo incremento porcentual experimentaron os gastos de explotación, pasando de



Cadro 3.13. Evolución da actividade do sector da construción 1997-98: ingresos, custos e resultados

| | 1997 | | 1998 | | Taxa variación |
|---|-----------|--------|-----------|--------|----------------|
| | mill. Pts | % | mill. Pts | % | 1997-98 |
| Ingresos de explotación | 28.898,2 | 100,0% | 36.002,7 | 100,0% | 24,6% |
| Consumos e outros gastos expl. | 20.888,8 | 72,3% | 26.861,3 | 74,6% | 28,6% |
| Valor engadido bruto coste factores | 8.009,4 | 27,7% | 9.141,4 | 25,4% | 14,1% |
| Gastos de persoal | 5.409,5 | 18,7% | 6.160,9 | 17,1% | 13,9% |
| Rtdo. económico bruto de explot. | 2.599,9 | 9,0% | 2.980,6 | 8,3% | 14,6% |
| Amortizacións | 845,2 | 2,9% | 810,8 | 2,3% | -4,1% |
| Rtdo. económico neto de explot. | 1.754,7 | 6,1% | 2.169,7 | 6,0% | 23,6% |
| Rtdo. Financeiro | -721,9 | -2,5% | -609,0 | -1,7% | -15,6% |
| Ingresos financeiros | 105,9 | 0,4% | 118,9 | 0,3% | 12,3% |
| Gastos financeiros | 827,9 | 2,9% | 727,9 | 2,0% | -12,1% |
| Rtdo. de actividades ordinarias | 1.032,8 | 3,6% | 1.560,7 | 4,3% | 51,1% |
| Rtdo. de actividades extraordinarias | 78,8 | 0,3% | 64,2 | 0,2% | -18,5% |
| Rtdo. antes de impostos | 1.111,5 | 3,8% | 1.625,1 | 4,5% | 46,2% |
| Impostos | 371,4 | 1,3% | 518,7 | 1,4% | 39,7% |
| Rtdo. neto do exercicio | 740,1 | 2,6% | 1.106,2 | 3,1% | 49,5% |
| Cash-flow | 1.585,3 | 5,5% | 1.917,0 | 5,3% | 20,9% |

Fonte: Ardán

Cadro 3.14. Evolución do investimento e do financiamento do sector da construción 1997-98

| | 1997 | | 1998 | | Taxa variación |
|------------------------------------|-----------|--------|-----------|--------|----------------|
| | mill. Pts | % | mill. Pts | % | 1997-98 |
| Activo total | 30.769,5 | 100,0% | 35.651,0 | 100,0% | 15,9% |
| Activo fixo (neto) | 6.479,8 | 39,8% | 7.452,5 | 39,1% | 15,0% |
| Gastos amortizables | 132,9 | 0,4% | 128,5 | 0,4% | -3,3% |
| Inmovilizado inmaterial | 582,9 | 2,5% | 1.025,4 | 2,6% | 75,9% |
| Inmovilizado material | 5.039,5 | 29,7% | 5.592,0 | 27,5% | 11,0% |
| Outro inmovilizado | 704,8 | 7,1% | 691,9 | 8,6% | -1,8% |
| Outro activo fijo | 19,9 | 0,0% | 14,8 | 0,0% | -25,6% |
| Circulante neto | 24.289,7 | 60,2% | 28.198,5 | 60,9% | 16,1% |
| Existencias | 13.852,0 | 17,0% | 13.755,5 | 18,3% | -0,7% |
| Deudores | 8.151,7 | 31,8% | 11.074,1 | 30,1% | 35,9% |
| Tesourería | 1.872,8 | 4,6% | 2.885,7 | 5,1% | 54,1% |
| Outro activo circulante | 413,2 | 6,8% | 483,2 | 7,4% | 16,9% |
| Fontes de financiamento | 30.769,5 | 100,0% | 35.651,0 | 100,0% | 15,9% |
| financiamento permanente | 14.192,2 | 55,2% | 16.105,4 | 52,5% | 13,5% |
| Fondos propios | 9.403,6 | 44,3% | 10.509,0 | 40,9% | 11,8% |
| Recursos alleos l/p | 4.742,7 | 8,4% | 5.528,7 | 9,3% | 16,6% |
| Ingresos distrib. en varios exerc. | 45,9 | 2,5% | 67,7 | 2,3% | 47,5% |
| Acreedores a curto prazo | 16.577,3 | 44,8% | 19.545,6 | 47,5% | 17,9% |
| Fondo de rotación | 7.712,4 | 15,4% | 8.652,9 | 13,4% | 12,2% |

Fonte: Ardán

27.143,5 en 1997 a 33.833,0 millóns de pesetas en 1998. En canto ó valor engadido, experimentou un incremento do 14,1% no período considerado, pasando de 8.009,4 millóns de pesetas en 1997 ós 9.141,4 millóns de pesetas de 1998 xa mencionados, aínda que diminuíu o seu peso relativo con

respecto ós ingresos de explotación, xa que en 1997 representaba o 27,7%, e en 1998, o 25,4%.

Como punto positivo, as empresas do sector presentan un incremento dos seus beneficios no ano 1998. O resultado neto do

exercicio en 1997 foi de 740,1 millóns de pesetas e en 1998 acadou os 1.106,2 millóns de pesetas, o que representa unha melloría do 49,5% con respecto a 1997. O *cash-flow* correspondente ó sector aumentou nun 20,9%, pasando dos 1.585,3 millóns de pesetas en 1997 ós 1.917,0 millóns de pesetas en 1998.

No **cadro 3.14**, obsérvase que entre as fontes de financiamento do sector da construción, diminúe o peso relativo do financiamento permanente, que pasa do 55,2% do ano 1997 ó 52,5% do ano 1998, en favor dos acredores a curto prazo, que en 1998 representan o 47,5% do total. O activo total aumentou no ano 1998 nun 15,9%, chegando ós 35.651,0 millóns de pesetas, cando en 1997 se contabilizara un activo total de 30.769,5 millóns de pesetas.

O balance das empresas reflicte, para o ano 1998 e como nos sectores precedentes, que o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e unha parte do circulante neto. Sen embargo, neste caso a porcentaxe cuberta do circulante neto é superior, ó acadar niveis en torno ó 30%. En canto ó fondo de rotación, este sitúase para 1998 en 8,7 mil millóns de pesetas, un 12% máis que o do ano anterior. O 70% restante do circulante neto que é financiado polos acredores a curto prazo sitúase próximo ós 20 mil millóns de pesetas

Os principais núcleos de localización das empresas do sector da construción, anexo 7, son Lugo, cun VEB xerado de 5.788,1 millóns de pesetas en 1998, un 12,9% superior ó rexistrado no ano anterior; Outeiro de Rei, con 953,0 millóns de pese-

tas, 25,5% superior ó ano 1997; e Sarria, con 597,7 millóns de pesetas, 11,3% superior ó do ano anterior. Nestes tres núcleos xérase o 80,3% do valor engadido do sector da construción da área funcional no ano 1998.

Por comarcas, a de Lugo presentou en 1998 un valor engadido neste sector da construción de 6.946,8 millóns de pesetas, o 76,0% do total do sector; A Terra Chá, 845,7 millóns de pesetas, o 9,3% do total; e Sarria, 700,3 millóns de pesetas, o 7,7% do sector (información que aparece recollida nos anexos). Estas tres comarcas engloban o 92,9% do total do VEB xerado por este sector na área funcional.

Sector servicios

Neste apartado englobanse as actividades relativas ós subsectores de turismo e ocio, transportes, comunicación, servicios empresariais e os servicios relacionados coa saúde. A análise faise utilizando os datos facilitados polo servicio de información Ardán da Zona Franca de Vigo.

En canto á estrutura empresarial do sector na área funcional de Lugo, segundo a metodoloxía seguida por Ardán, o sector servicios está composto por un total de 206 empresas, que experimentaron no ano 1998 un incremento do seu resultado económico neto de explotación dun 19,9% respecto ó ano 1997, e tamén un incremento do 36,3% do resultado neto do exercicio, que pasa de 886,9 a 1.209,0 millóns de pesetas, segundo se reflicte no **cadro 3.15**.

No ano 1998, o sector presenta na área analizada un crecemento dos ingresos de



Cadro 3.15.

**Evolución da actividade do sector servicios 1997-98:
ingresos, custos e resultados**

| | 1997 | | 1998 | | Taxa variación 1997-98 |
|---|-----------|--------|-----------|--------|---------------------------|
| | mill. Pts | % | mill. Pts | % | % |
| Ingresos de explotación | 31.697,5 | 100,0% | 34.389,6 | 100,0% | 8,5% |
| Consumos e outros gastos expl. | 21.960,9 | 69,3% | 23.260,8 | 67,6% | 5,9% |
| Valor engadido bruto coste factores | 9.736,6 | 30,7% | 11.128,8 | 32,4% | 14,3% |
| Gastos de persoal | 6.898,6 | 21,8% | 7.815,7 | 22,7% | 13,3% |
| Rtdo. económico bruto de explot. | 2.838,0 | 9,0% | 3.313,1 | 9,6% | 16,7% |
| Amortizacións | 1.275,3 | 4,0% | 1.439,7 | 4,2% | 12,9% |
| Rtdo. económico neto de explot. | 1.562,7 | 4,9% | 1.873,4 | 5,4% | 19,9% |
| Rtdo. Financeiro | -531,5 | -1,7% | -396,0 | -1,2% | -25,5% |
| Ingresos financeiros | 87,9 | 0,3% | 213,6 | 0,6% | 143,0% |
| Gastos financeiros | 619,4 | 2,0% | 609,6 | 1,8% | -1,6% |
| Rtdo. de actividades ordinarias | 1.031,2 | 3,3% | 1.477,4 | 4,3% | 43,3% |
| Rtdo. de actividades extraordinarias | 147,2 | 0,5% | 180,1 | 0,5% | 22,4% |
| Rtdo. antes de impostos | 1.178,4 | 3,7% | 1.657,5 | 4,8% | 40,7% |
| Impostos | 291,5 | 0,9% | 448,6 | 1,3% | 53,9% |
| Rtdo. neto do exercicio | 886,9 | 2,8% | 1.209,0 | 3,5% | 36,3% |
| Cash-flow | 2.162,2 | 6,8% | 2.648,7 | 7,7% | 22,5% |

Fonte: Ardán

Cadro 3.16.

Evolución do investimento e do financiamento do sector servicios 1997-98

| | 1997 | | 1998 | | Taxa variación 1997-98 |
|------------------------------------|-----------|--------|-----------|--------|---------------------------|
| | mill. Pts | % | mill. Pts | % | % |
| Activo total | 19.854,5 | 100,0% | 22.669,7 | 100,0% | 14,2% |
| Activo fixo (neto) | 9.255,8 | 39,8% | 10.677,7 | 39,1% | 15,4% |
| Gastos amortizables | 223,7 | 0,4% | 194,9 | 0,4% | -12,9% |
| Inmovilizado inmaterial | 1.606,8 | 2,5% | 2.055,1 | 2,6% | 27,9% |
| Inmovilizado material | 6.484,3 | 29,7% | 6.989,2 | 27,5% | 7,8% |
| Outro inmovilizado | 920,1 | 7,1% | 1.417,6 | 8,6% | 54,1% |
| Outro activo fijo | 21,0 | 0,0% | 21,0 | 0,0% | 0,0% |
| Circulante neto | 10.598,6 | 60,2% | 11.992,0 | 60,9% | 13,1% |
| Existencias | 1.714,5 | 17,0% | 1.894,6 | 18,3% | 10,5% |
| Deudores | 6.931,9 | 31,8% | 7.617,9 | 30,1% | 9,9% |
| Tesourería | 1.680,7 | 4,6% | 2.106,7 | 5,1% | 25,3% |
| Outro activo circulante | 271,7 | 6,8% | 372,8 | 7,4% | 37,2% |
| Fontes de financiamento | 19.854,5 | 100,0% | 22.669,7 | 100,0% | 14,2% |
| financiamento permanente | 11.130,1 | 55,2% | 12.756,4 | 52,5% | 14,6% |
| Fondos propios | 7.067,5 | 44,3% | 8.172,4 | 40,9% | 15,6% |
| Recursos alleos l/p | 3.793,3 | 8,4% | 4.347,1 | 9,3% | 14,6% |
| Ingresos distrib. en varios exerc. | 269,3 | 2,5% | 236,8 | 2,3% | -12,1% |
| Acreeedores a curto prazo | 8.724,4 | 44,8% | 9.913,4 | 47,5% | 13,6% |
| Fondo de rotación | 1.874,3 | 15,4% | 2.078,6 | 13,4% | 10,9% |

Fonte: Ardán

explotación dun 8,5%, incremento superior ó experimentado polos gastos de explotación (constituídos polos consumos de explotación, gastos de persoal, dotacións á amortización e outros gastos de explotación), que foi do 7,9%, pasando de 30.134,8 millóns de pesetas no ano 1997 a 32.516,2 millóns no ano 1998. Tamén se incrementa no período

considerado o importe do valor engadido, pasando de 9.736,6 millóns de pesetas en 1997 a 11.128,8 millóns de pesetas en 1998, o que supón un incremento do 14,3%.

O **cadro 3.16.** proporciona información sobre as fontes de financiamento empregadas polo sector servicios nos anos

1997 e 1998 e reflicte unha redución nas distancias entre o peso relativo do financiamento permanente e os acredores a curto prazo, pois mentres que en 1997 a primeira abarcaba o 55,2% do financiamento total, no ano 1998 o seu peso relativo descende a un 52,5%. O activo total aumentou nun 14,2% no período considerado, pasando de 19.854,5 millóns de pesetas en 1997 a 22.669,7 millóns de pesetas en 1998.

Igual que no resto dos sectores, a observación do balance das empresas amosa que o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e unha parte do circulante neto (concretamente o 17%), acadando un fondo de rotación lixeiramente superior ós 2 mil millóns de pesetas, un 11% máis que o do ano anterior. A porcentaxe do circulante neto non financiada polo financiamento permanente correspóndelle ós acredores a curto prazo, que supoñen un importe próximo ós 10 mil millóns de pesetas, un 13,6% máis que o ano anterior.

Os principais núcleos de localización segundo o valor engadido xerado das empresas do sector servicios son Lugo, con 9.517,1 millóns de pesetas, un 13,5% superior ó correspondente ó ano 1997; Sarria, con 470,4 millóns de pesetas, o 33,2% superior ó do ano 1997; e Vilalba, con 367,5 millóns de pesetas, un 20,7% superior ó de 1997. Estes tres núcleos xeran o 93,0% do VEB deste sector na área funcional (Anexo 9).

Por subsectores, o subsector transportes, **cadro 3.1.**, que engloba as actividades de transporte de pasaxeiros, de mercadorías por estrada, estacións de servizo e gasolineras, servicios relacionados co automóbil e

outras actividades anexas ós transportes, rexistrou en 1998 uns ingresos de explotación de 18.499,8 millóns de pesetas, o 53,8% do total do sector, e xerou un valor engadido de 4.273,8 millóns de pesetas, o 38,4% do total do VEB do sector. Desagregando estas cifras por comarcas, as 64 empresas deste subsector contabilizadas na comarca de Lugo obtiveron uns ingresos de 12.814,1 millóns de pesetas, o 69,3% do total da área funcional, e xeraron un VEB de 3.347,2 millóns de pesetas. Séguenlle en importancia as 20 empresas da comarca da Terra Chá, cuns ingresos de 2.642,7 millóns de pesetas e un valor engadido de 439,7 millóns de pesetas.

O subsector de servicios empresariais, cuns ingresos de explotación de 5.899,1 millóns de pesetas e un valor engadido de 3.754,3 millóns de pesetas, está concentrado (segundo Ardán) en 35 empresas da comarca de Lugo, 2 empresas da comarca de Sarria e 1 empresa na comarca de Meira. Encádranse neste subsector as actividades dos servicios comerciais, servicios xurídicos, de contabilidade, asesoría e estudos de mercado, servicios técnicos de arquitectura e enxeñería, servicios de limpeza, desinfección e conservación, servicios de publicidade e os intermediarios de comercio. Na comarca de Lugo xerouse neste subsector un VEB de 3.665,6 millóns de pesetas, un 17,4% superior ó rexistrado na mesma comarca no ano 1997, que ven a representar o 97,6% do valor engadido do subsector en toda a área funcional (**cadro 3.1.**).

O subsector da comunicación presentou uns ingresos de 4.309,7 millóns de pesetas e un valor engadido de 1.446,6 millóns



Cadro 3.17.

Principais variables do subsector turismo e ocio

| | Establecementos hoteleiros e casas rurais (1) | | | Restaurantes (2) | |
|-------------------------------|---|-------------|--------|------------------|---------|
| | establecementos | habitacións | prazas | número | prazas |
| Área funcional de Lugo | 83 | 1.675 | 2.919 | 440 | 23.572 |
| Os Ancares | 18 | 176 | 306 | 44 | 1.672 |
| A Fonsagrada | 3 | 28 | 51 | 17 | 652 |
| Lugo | 35 | 1.000 | 1.743 | 229 | 13.530 |
| Meira | 2 | 11 | 20 | 8 | 286 |
| Sarria | 10 | 183 | 345 | 48 | 2.321 |
| Terra Chá | 14 | 255 | 416 | 80 | 4.261 |
| A Ulloa | 1 | 22 | 38 | 14 | 850 |
| Provincia de Lugo | 176 | 3.280 | 5.801 | 739 | 39.950 |
| Galicia | 1.033 | 24.857 | 44.055 | 4.658 | 258.497 |

(1) agosto 1995

(2) abril 1998

Fonte: IGE, Base estatística para a obtención de indicadores socioeconómicos das comarcas galegas

de pesetas. Engloba este subsector as actividades de papelerías e librerías, edición, artes gráficas e actividades de servicios relacionados, educación, radio e televisión e os servicios relacionados coa informática. Na comarca de Lugo aparecen 21 das 22 empresas contabilizadas por Ardán, que xeran un valor engadido de 1.418,7 millóns de pesetas en 1998, un 6,3% superior ó correspondente ó ano 1997 (**cadro 3.1.**).

O subsector turismo e ocio abarca as actividades de hoteis e hospedaxe, restaurantes, bares e cafeterías, máquinas recreativas, axencias de viaxes, distribución de artigos para deporte, recreo e pasatempos, actividades artísticas, deportivas e de espectáculos, e actividades cinematográficas e de vídeo. En 1998 obtivo uns ingresos de 4.215,6 millóns de pesetas e un valor engadido de 972,4 millóns de pesetas. Ardán contabilizou 30 empresas neste subsector, 21 na comarca de Lugo, cun VEB en 1998 de 713,4 millóns de pesetas; 4 na comarca da Terra Chá, cun valor engadido de 133,1 millóns de pesetas; 4 en Sarria, con 96,9 millóns de pesetas; e 1 na Ulloa, cun VEB de 29 millóns de pesetas (**cadro 3.1.**).

O **cadro 3.17.** recolle as principais variables referidas a este subsector no que atinxe a establecementos hoteleiros e casas rurais e restaurantes. No conxunto da área funcional destaca a importancia da comarca de Lugo en tódalas variables recollidas: número de establecementos hoteleiros, número de habitacións nos establecementos hoteleiros, prazas en ditos establecementos, número de restaurantes e prazas nos restaurantes. En concreto, as 1.000 habitacións e as 1.743 prazas supoñen case o 60% do conxunto da área, porcentaxe que baixa ata o 42% se se considera o número global de establecementos (83).

Polo que se refire ós restaurantes, as porcentaxes son tamén superiores ó 50%, ó contar con 229 restaurantes dos 440 que hai en total. Tamén máis de 13.000 das 23.572 prazas existentes atópanse na comarca lucense.

En termos porcentuais destaca a comarca de Os Ancares, sobre todo no que se refire ás variables turísticas, o que dá idea da importancia desta actividade na comarca. Así, conta con máis da quinta parte dos esta-

blecementos hoteleiros da área funcional (un total de 18), namentres que a porcentaxe en canto a número de habitacións (176) e prazas (306) é superior ó 10%, o que sitúa a esta comarca a niveis semellantes ós de Sarria e a Terra Chá.

No lado oposto, e reflectindo o feito de que as actividades deste subsector atópanse fortemente concentradas nas outras catro comarcas, A Fonsagrada, Meira e A Ulloa non acadan en ningunha das variables aquí recollidas niveis superiores ó 4%.

Finalmente, o subsector de servicios relacionados coa saúde, que se refire ás actividades de hospitais e residencias, servicios funerarios e outros servicios sanitarios, presenta uns ingresos de 1.465,3 millóns de pesetas e un valor engadido de 681,7 millóns de pesetas en 1998 (**cadro 3.1.**).

Coa información facilitada nos anexos pódese facer unha análise por comarcas para o ano 1998. A comarca de Lugo xerou no sector servicios un valor engadido de 9.826,5 millóns de pesetas, o 88,3% do total do sector; a Terra Chá, 600,8 millóns de pesetas; e Sarria, 511,4 millóns de pesetas. Entre as tres comarcas xeraron o 98,3% do VEB da área funcional. ■